



Alumnos do IES Xulián Magariños de Negreira participan mañá nun roteiro guiado polo monte de Monfero

- Os educadores ambientais do CEIDA son os encargados de ensinarlle aos participantes o valor do bosque galego
- A visita guiada terá lugar mañá, 22 de abril, e partirán ás 11.30 horas do Portal de Monfero

Oleiros, 21 de abril de 2008. - Case cincuenta alumnos de segundo de ESO do IES Xulián Magariños, do concello coruñés de Negreira, participan mañá martes, 22 de abril, nun roteiro guiado polos montes de Monfero. O lugar de saída deste roteiro, que ten unha duración de tres horas, é o Portal de Monfero e será ás 11.30 horas.

Esta actividade enmárcase dentro do **Programa de Educación Ambiental Pes na terra. Itinerarios forestais** desenvolvido polo CEIDA – Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia – coa colaboración da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia. A finalidade deste programa, que remata en maio, é que os participantes aprendan a apreciar e a valorar a multifuncionalidade dos recursos forestais – económicos, sociais, culturais e medioambientais – co fin de crear unha conciencia ecolóxica en termos de sustentabilidade do monte. Asemade, os educadores ambientais divulgarán o uso sostible do monte en espazos da Rede Natura 2000.

O programa **Pés na terra. Itinerarios forestais** está destinado a todos os centros educativos interesados e, en especial, aos ciclos formativos de actividades agrarias. A actividade guiada e o transporte son gratuítos. Os interesados poden obter máis información en www.ceida.org ou poñéndose en contacto co equipo de educación do CEIDA a través do mail educacion@ceida.org ou no teléfono 981 630 618.

O CEIDA, froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros, é o centro de referencia para a educación ambiental en Galicia; promove a educación ambiental en todos os sectores sociais e o intercambio científico e cultural; traballa na procura de solucións aos problemas ambientais e fomenta as boas prácticas cidadás neste eido.

Saúdos,

Área de Información e Comunicación do CEIDA

O CEIDA, froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros, é o centro de referencia para a educación ambiental en Galicia; promove a educación ambiental en todos os sectores sociais e o intercambio científico e cultural; traballa na procura de solucións aos problemas ambientais e fomenta as boas prácticas cidadás neste eido.